

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CPI. A XUNQUEIRA - FENE
CURSO 2015/16

EDUCACIÓN PLÁSTICA,
VISUAL E AUDIOVISUAL

1. LOMCE: 1º E 3º DA ESO

1.1. AVALIACIÓN

1.1.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES DE LOGRO

Para a avaliación do alumnado utilizaráanse os seguintes instrumentos:

- **Rúbricas:** Utilizaráse un sistema de rúbricas para a avaliación do apartado de “actitude” e para a avaliación das actividades.
- **Probas escritas:** Realizaráanse exames só na 1ª avaliación, onde se imparte o bloque de debuxo técnico.
- **Observación directa:** Certos estándares serán avaliados (ou afinados) a través da observación directa ao alumnado, sobre todo os relativos a comportamento e actitude.

1.1.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES

Como idea xeral, considéranse estándares de aprendizaxe imprescindibles os que contempla a lei, aínda que se adaptarán na súa redacción para unha correcta comprensión por parte do alumnado. Nas rúbricas aparecerán resaltados cun asterisco ou negrita, así coma nas actividades que se lle darán os/aos alumnos/as para que teñan constancia deles.

1.1.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Avaliación ordinaria (Xuño):

A avaliación da materia é continua. Dito isto, hai que ter en conta que os diferentes bloques de contidos que abarca a materia son moi dispares: Debuxo técnico, debuxo artístico, educación audiovisual... Os diferentes estándares avaliaráanse segundo se vaian impartindo, facendo constar nas diferentes avaliacións unha nota indicativa do progreso escolar do/a alumno/a. Ao remate do curso, no mes de Xuño, ponderaránse todos os estándares avaliados a través da media aritmética das tres avaliacións, sendo esta a nota da terceira avaliación.

- Cualificación numérica nas tres avaliacións:

A pesares de que a adquisición das competencias é o obxectivo final polo que se rixe tódala avaliación, resérvase un 20% da nota a certos estándares de aprendizaxe relativos a estas nun apartado chamado “actitude”. O restante 80% da nota se avaliará a través das actividades. Márcase a excepción no caso do bloque de debuxo técnico (1ª avaliación) onde un 40% recaerá sobre a proba escrita e o restante 40% sobre as demais actividades.

- Puntualidade das entregas:

Marcarase unha data de entrega para cada actividade. No caso de entregar a tarefa inxustificadamente tarde, a puntuación otorgada nun superará o 50% dos puntos destinados a esa actividade, xa que se considera a puntualidade un contido mínimo da materia.

- Recuperacións:

Ao final de curso, os/as alumnos/as que suspenderan a 1ª e/ou 2ª avaliación terán a oportunidade de recuperar a dita/s nota/s a través dunha recuperación. Para recuperar o bloque de debuxo técnico farán unha proba escrita e para a recuperación do resto de bloques se lles dará unha data para a entrega de tarefas.

- Avaliación da proba extraordinaria de Setembro:

Nas probas extraordinarias de Setembro os alumnos/as terán que presentarse a unha recuperación global do curso. Así, para recuperar o bloque de debuxo técnico farán unha proba escrita e para a recuperación do resto de bloques se lles pedirá a entrega de unha serie de tarefas seleccionadas entre as que fixeron ao longo do curso. As porcentaxes aplicables nos resultados obtidos será do 40% na proba escrita e do 60% na media das tarefas.

- Infraccións graves:

Independentemente das sancións que poidan conlevar as posibles faltas de conducta dos/as alumnos/as ao aplicar as normas do centro, é criterio do departamento que as seguintes accións repercutan directamente na calificación:

- Trampear nunha proba escrita: Ben sexa copiando, "soplando" ou alterando o resultado da proba dalgunha forma, a sanción será a perda da totalidade dos puntos que esta conleve.
- Falsificar tarefas: Entregar como propias tarefas realizadas por outros será sancionado coa perda da totalidade dos puntos que estas conleven.

2. LOE: 4º ESO

2.1. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Fundamentos e utilidades do Diédrico, Axonométrico e Cónico.
- Análise e aplicación do sistema diédrico.
- Acotación normalizada.
- Tipos de axonometrías: Trimétrica, dimétrica e isométrica.
- Análise e aplicación da perspectiva Isométrica.
- Análise e aplicación da perspectiva Cabaleira.
- Aplicación do coeficiente de redución na perspectiva cabaleira.

- Fundamentos da publicidade e do deseño.
- Análise e aplicación básica da perspectiva Cónica.
- O debuxo con claroscuro.
- A lectura da cor nas imaxes: Expresividade, intención e significado.
- Bases para unha análise crítica da publicidade.
- Fundamentos e procedemento do Stop-motion.
- Saber presentar con limpeza e puntualidade os exercicios.
- Saber traballar en grupo. Respetar o traballo propio e alleo así como o patrimonio artístico.

2.2. AVALIACIÓN

2.2.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación da materia baséase na correcta asimilación dos obxectivos do curso, incluíndo neles o aprendizaxe das competencias básicas (que se avaliarán pero non se calificarán numericamente). Os criterios de avaliación para o presente curso veñen especificados polo Decreto 133/2007.

2.2.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Como instrumentos para avaliar ao alumno/a, o profesor contará con:

- Probas escritas: Faráanse probas escritas dos contidos relativos ao debuxo técnico.
- Actividades: Pedirase a entrega de diversas tarefas (individuais e/ou colectivas) em tódalas avaliacións.
- Observación directa na aula: Coa fin de avaliar o proceso de aprendizaxe e de medir o comportamento e a actitude.

2.2.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Avaliación ordinaria (Xuño):

A avaliación da materia é continua. Dito isto, hai que ter en conta que os diferentes bloques de contidos que abarca a materia son moi dispares: Debuxo técnico, debuxo artístico, educación audiovisual... Os diferentes estándares avaliaránse segundo se vaian impartindo, facendo constar nas diferentes avaliacións unha nota indicativa do progreso escolar do/a alumno/a. Ao remate do curso, no mes de Xuño, ponderaránse todos os estándares avaliábeis a través da media aritmética das tres avaliacións, sendo esta a nota da terceira avaliación.

- Calificación numérica nas tres avaliacións:

Resérvase un 20% da nota á actitude do/a alumno/a. Este porcentaxe contempla a puntualidade nas entregas (5%) o teren todo entregado ao finalizar a avaliación (5%) e a actitude xeral fronte a materia (10%).

O restante 80% da nota se avaliará a través das actividades. Esta nota se obterá da media aritmética de tódalas actividades contando as tarefas non entregadas cunha puntuación de cero puntos. Márcase a excepción

no caso das avaliacións con contidos de debuxo técnico, onde un 40% recaerá sobre a proba escrita e o restante 40% sobre as demais actividades.

- Puntualidade das entregas:

Marcarase unha data de entrega para cada actividade. No caso de entregar a tarefa inxustificadamente tarde, a puntuación otorgada nun superará o 50% dos puntos destinados a esa actividade.

- Recuperacións:

Ao final de curso, os/as alumnos/as que suspenderan a 1ª e/ou 2ª avaliación terán a oportunidade de recuperar a dita/s nota/s a través dunha recuperación. Para recuperar o bloque de debuxo técnico farán unha proba escrita e para a recuperación do resto de bloques se lles dará unha data para a entrega de tarefas.

- Avaliación da proba extraordinaria de Setembro:

Nas probas extraordinarias de Setembro os alumnos/as terán que presentarse a unha recuperación global do curso. Así, para recuperar o bloque de debuxo técnico farán unha proba escrita e para a recuperación do resto de bloques se lles pedirá a entrega de unha serie de tarefas seleccionadas entre as que fixeron ao longo do curso. As porcentaxes aplicables nos resultados obtidos será do 40% na proba escrita e do 60% na media das tarefas.

- Infraccións graves:

Independentemente das sancións que poidan conlevar as posibles faltas de conducta dos/as alumnos/as ao aplicar as normas do centro, é criterio do departamento que as seguintes accións repercutan directamente na calificación:

- Trampear nunha proba escrita: Ben sexa copiando, “soplado” ou alterando o resultado da proba dalgunha forma, a sanción será a perda da totalidade dos puntos que esta conleve.
- Falsificar tarefas: Entregar como propias tarefas realizadas por outros será sancionado coa perda da totalidade dos puntos que estas conleven.

3. LOE: ALUMNOS/AS COA MATERIA PENDENTE

Na Comisión de Coordinación Pedagóxica chegouse a un acordo para unificar o proceso de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores aplicable a tódalas materias. Dito acordo consta na división da programación da materia en dous partes iguais facendo, polo tanto, dúas probas (unha en Xaneiro e outra en Abril). De non acadar os mínimos esixidos deste xeito, os/as alumnos/as terán dereito a un exame global e final no mes de Maio e, de ser necesario, outro en Setembro.

Para a preparación de estas probas, o Xefe/a do Departamento ofrecerá aos interesados un seguimento académico semanal ao longo de todo o curso no que lles aportará información, resolverá dúbidas e facilitará exercicios prácticos.

As programacións de referencia serán as do curso ao que pertenza a materia non superada (tanto os obxectivos e os contidos coma os criterios de avaliación e calificación).

Ao comezo do curso entregaránrelle aos interesados unha fotocopia dos **Anexos 3** ou **4** (segundo corresponda) onde se especifica toda a información que precisan dun xeito máis concreto.

3.1. ANEXO I

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: PENDENTES 1º ESO

CURSO 2015/16

PROGRAMACIÓN PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA DE 1º E.S.O. PENDENTE

Os alumnos/as deberán presentarse a un exame parcial sobre os contidos da 1ª parte a mediados de Xaneiro e a outro exame parcial sobre a 2ª en Abril. En ambos casos o resultado desta proba escrita suporá o 100% da nota de cada parcial. De acadar en ambos unha calificación total igual ou superior a 5 daríaselles por recuperada a materia. Se o resultado fose inferior a 5 ou o non se presentasen a/as proba/as, quedarían convocados ao exame global no mes de Maio no que entrarían todos os contidos. De non superar así a materia, os alumnos/as serán convocados á proba extraordinaria de Setembro cos mesmos contidos e condicións.

A xefa do Departamento reunirse os mércores no tempo do recreo cos interesados/as que voluntariamente o soliciten, aportando material e exercicios prácticos que lles faciliten a preparación dos contidos.

CONTIDOS	1ª PARTE	<ul style="list-style-type: none">• <u>A ESCADRA E O CARTABÓN</u>: Trazado de paralelas e perpendiculares. Coñecemento dos seus ángulos. Trazado dos ángulos de 45°, 30° e 60°.• <u>MEDIATRIZ E BISECTRIZ</u>: Trazado da mediatriz dun segmento e da bisectriz dun ángulo.• <u>TRIÁNGULOS</u>: Nomenclatura dos ángulos e lados. Clasificación de triángulos polos seus lados e ángulos. Construción do triángulo equilátero partindo dun lado e inscrito nunha circunferencia.• <u>A COR</u>: Coñecemento das cores primarias, secundarias e complementarias. Realización do círculo cromático. Distinción de cores frias e cálidas. A cor complementaria.
	2ª PARTE	<ul style="list-style-type: none">• <u>CADRILÁTEROS</u>: Clasificación dos cadriláteros. Construción do cadrado partindo dun lado e inscrito nunha circunferencia.• <u>PERSPECTIVA CABALEIRA</u>: Aplicada ao debuxo artístico.• <u>A BANDA DESEÑADA</u>: Proceso creativo e coñecemento da linguaxe propia da banda deseñada.

DATAS: Tanto as datas e horas concretas dos exames coma a data de entrega de notas serán comunicadas aos interesados polo equipo directivo do centro con antelación suficiente.

RECIBÍ COPIA:

(XEFA DO DEPARTAMENTO)

Asdo. LUCIA SESTO PORTO

Pódense atopar resumos dos contidos en:

<https://sites.google.com/site/cuestiondeplastica/>

Os alumnos/as deberán presentarse a un exame parcial sobre os contidos da 1ª parte a mediados de Xaneiro e a outro exame parcial sobre a 2ª en Abril. En ambos casos o resultado desta proba escrita suporá o 100% da nota de cada parcial. De acadar en ambos unha calificación total igual ou superior a 5 daríaselles por recuperada a materia. Se o resultado fose inferior a 5 ou o non se presentasen a/as proba/as, quedarían convocados ao exame global no mes de Maio no que entrarían todos os contidos. De non superar así a materia, os alumnos/as serán convocados á proba extraordinaria de Setembro cos mesmos contidos e condicións.

A xefa do Departamento reunirá os mércores no tempo do recreo cos interesados/as que voluntariamente o soliciten, aportando material e exercicios prácticos que lles faciliten a preparación dos contidos.

CONTIDOS	
1ª PARTE	<ul style="list-style-type: none"> • PUNTOS NOTABLES DO TRIÁNGULO (INCENTRO E CIRCUCENTRO) • POLÍGONOS REGULARES (NOMENCLATURA E CONSTRUCCIÓN EXÁCTA A TRAVÉS DA CIRCUNFERENCIA QUE OS INSCRIBE): <ul style="list-style-type: none"> - PENTÁGONO - HEXÁGONO - HEPTÁGONO - OCTÓGONO - ENEÁGONO - DECÁGONO • LEIS PERCEPTIVAS DA GESTALT: <ul style="list-style-type: none"> - PRINCIPIO DE SIMILITUDE - PRINCIPIO DE PROXIMIDADE - PRINCIPIO DA FORMA PECHADA - PRINCIPIO DE FIGURA E FONDO • ILUSIÓNS ÓPTICAS
2ª PARTE	<ul style="list-style-type: none"> • TEOREMA DE TALES: DIVISIÓN PROPORCIONAL DUN SEGMENTO. • DIÉDRICO: REPRESENTACIÓN DE SÓLIDOS SINXELOS A TRAVÉS DAS SUAS VISTAS DIÉDRICAS (PLANTA, ALZADO E PERFIL) • AXONOMÉTRICO: COÑECEMENTO DAS DIFERENTES PERSPECTIVAS AXONOMÉTRICAS. TRADUCCIÓN AO SISTEMA DIÉDRICO DE FIGURAS REPRESENTADAS EN PERSPECTIVAS AXONOMÉTRICAS (CABALEIRA E ISOMÉTRICA). • A COR: COÑECEMENTO DO CÍRCULO CROMÁTICO E DAS RELACIÓNS CROMÁTICAS (CORES PRIMARIAS, CORES SECUNDARIAS E COR COMPLEMENTARIA).

RECIBÍ COPIA:

DATAS: Tanto as datas e horas concretas dos exames coma a data de entrega de notas serán comunicadas aos interesados polo equipo directivo do centro con antelación suficiente.

Asdo. LUCIA SESTO PORTO
(XEFA DO DEPARTAMENTO)

Pódense atopar resumos dos contidos en:
<https://sites.google.com/site/cuestiondeplastica/>